

**AUD.PROVINCIAL SECCION N. 6
PONTEVEDRA**

SENTENCIA: 00265/2013

**AUD.PROVINCIAL SECCION N. 6 de PONTEVEDRA
SEDE VIGO**

N01250

C/LALÍN, NÚM. 4 - PRIMERA PLANTA - VIGO

-

Tfno.: 986817388-986817389 Fax: 986817387

N.I.G. 36057 42 1 2010 0009197

ROLLO: RECURSO DE APELACION (LECN) 0003393 /2011 B

Juzgado de procedencia: XDO. PRIMEIRA INSTANCIA N. 13 de VIGO

Procedimiento de origen: PROCEDIMIENTO ORDINARIO 0000722 /2010

Apelante: JUAN MANUEL RODRIGUEZ BASTIDA

Procurador: MANUEL CASTELLS LOPEZ

Abogado: FERNANDO BARROS SABIN

Apelado: FUNDACION CICLISMO GALEGO

Procurador: MARIA ROSA MARQUINA TESOURO

Abogado: AGUSTIN GANDARA MOURE

**A SECCIÓN SEXTA DA AUDIENCIA PROVINCIAL DE PONTEVEDRA CON SEDE
EN VIGO, COMPOSTA POLOS MAXISTRADOS D. JUAN MANUEL ALFAYA
OCAMPO, D. JULIO PICATOSTE BOBILLO E D. EUGENIO FRANCISCO
MÍGUEZ TABARÉS, PRONUNCIÓU**

NO NOME DO REI

a seguinte

SENTENZA N° 265/13

Vigo, dezanove de abril de dous mil trece.

VISTOS en grao de apelación, ante a Sección Sexta da Audiencia Provincial de Pontevedra, os autos do xuízo Ordinario 722/10 procedentes do Xulgado de 1ª Instancia Núm. 13 de Vigo ós que correspondeu o rolo 3393/11, nos que aparece como parte **apelante e demandado-reconvinte D./D.ª JUAN MANUEL RODRÍGUEZ BASTIDA, representada polo/a procurador/a D./D.ª MANUEL CASTELLS LÓPEZ e asistida do/da letrado/a D./D.ª FERNANDO BARROS ABIN, e como parte contra da que se apela e**

**demandante-reconvenida FUNDACIÓN CICLISMO GALLEMO,
representada polo/a procurador/a D./D.^a MARÍA ROSA MARQUINA
TESOURO e asistida do/da letrado/a D./D.^a AGUSTÍN GÁNDARA
MOURE**

É o maxistrado **relator** D. JUAN MANUEL ALFAYA OCAMPO, quen expresa o parecer da Sala.

I. ANTECEDENTES DE FEITO

Primeiro: O Xulgado de 1.^a Instancia Núm. 13 de Vigo, con data do 16 de xuño de 2011, ditou unha sentenza coa seguinte parte dispositiva:

"Se estima la petición subsidiaria de la demanda presentada por la Procuradora Dña. María Marquina Tesouro en nombre y representación de la FUNDACIÓN DE CICLISMO GALEGO contra D. Juan Manuel Rodríguez Bastida
Se estima parcialmente la demanda reconvenicional presentada por el Procurador D. Manuel Castells López en nombre y representación de D. Juan Manuel Rodríguez Bastida y la mercantil XM BASTIDA.
Se declara resuelto el contrato de fecha treinta y uno de octubre de dos mil ocho, con efectos desde el diecinueve de septiembre del dos mil nueve.
Se condena a la entidad La Fundación de Ciclismo Galego al abono a favor de la reconviniente de la suma de 49.999,98 euros, con los intereses previstos en el artículo 1108 del Código Civil y los previstos en el artículo 576 de la LEC desde la fecha de la presente resolución y hasta su completo pago.
No ha lugar a imposición de costas debiendo cada parte abonar las causadas a su instancia y las comunes por mitad.."

Segundo: Contra a dita sentenza o/a procurador/a D./D.^a MANUEL CASTELLS LÓPEZ, en representación de D./D.^a JUAN MANUEL RODRÍGUEZ BASTIDA, presentou un recurso de apelación, que foi admitido en ámbolos efectos, consonte o disposto no artigo 455 da Lei de axuizamento civil (LAC).

Logo de cumpri-los trámites legais, eleváronse as presentes actuacións á Audiencia Provincial de Pontevedra e correspondéronlle por quenda de reparto a esta Sección Sexta con sede en Vigo. Sinálase para a deliberación do presente recurso o día sete de marzo de dous mil trece.

Terceiro: Na tramitación desta instancia cumpríronse tódalas

prescricións e termos legais.

II. FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro: A sentenza ditada en primeira instancia estima parcialmente a demanda inicial, promovida pola actora, Fundación Ciclismo Galego (en adiante, Fundación), declarando resolto o contrato litixioso, de prestación de servizos médicos, pola causa imputable ao demandado, Juan Manuel Rodríguez Bastida (no sucesivo, Dr. Bastida), de incumprir os termos da cláusula décimo segunda do contrato (en síntese, facer manifestacións ante a opinión pública que danen a imaxe da Fundación), máis rexeitando, por unha banda, as outras causas resolutorias invocadas (falta de informes trimestrais, revelación de datos pessoais...), e por outra, a indemnización interesada por considerar referida sentenza, e a citamos literalmente, que "o prestixio do equipo ciclista atopábase afectado, non polas declaracións do Sr. Bastida, senón polos feitos ocorridos durante a Volta a España" (fundamento de derecho sexto). A sentenza acolle igualmente en parte a demanda reconvencional formulada polo demandado, e malia que non o exprese coa convinte claridade, achaca á reconvida o impagamento das mensualidades devengadas ata o día 19 de setembro de 2009, data na que sitúa a perda de eficacia do contrato, pero, pola contra, semella non apreciar a outra causa resolutoria atribuída á reconvida, de "destitución inxustificada" do Dr. Bastida, condenando entón á reconvida a satisfacer ó reconvinte seis mensualidades -de abril a setembro-, por un total de 49.999,98, e desestimando, finalmente, o pedimento de indemnización por dano moral, ao estimalo inacreditado. E como a sentenza de primeiro grao tan só a recorre o demandado reconvinte, aquietándose con ela, contrariamente, a actora reconvida, ese posicionamento das partes conleva circunscribir esta alzada aos motivos de diverxencia daquel primeiro contendente, e que en síntese consisten: A) En se concorre, por igual, a causa incumpridora do contrato de arrendamento de servizos, imputada á Fundación, de ter prescindido inxustificadamante esta última dos servizos do reconvinte. B) En se houbo causa de incumprimento por parte do Dr. Bastida, o que este nega. C) En se houbo dano moral para o reconvinte. D) Por último, en se a indemnización debe comprender toda a vida do contrato e non soamente as rendas de seis meses proclamados pola sentenza impugnada. Pois ben, comezamos, por razóns sistemáticas, polo exame das dúas primeiras cuestións, que polo seu fondo vencellamento analizamos de xeito conxunto.

Segundo: Este Tribunal de apelación, despois dunha revisión exhaustiva, coherente, crítica e polo miúdo das probas

achegadas aos autos, alcanza o convencimento de que existiu por parte da Fundación un dobre incumprimento, por unha banda, da obriga de pagamento do prezo estipulado, e desglosado por mensualidades, tal como declara a sentenza de primeira instancia, nunha pronuncia -malia que por seis meses tan só-, que debemos considerar firme polo aquietamento da reconvida; e por outra, da obriga inherente ao contrato de arrendamento de servizos -médicos, por expresalo de maneira resumida-, de permitir que o Dr. Bastida continuase coa prestación deses servizos ata a finalización do contrato, é dicir, ata o día 31 de outubro de 2.010, pois, en último termo: A) O feito de prescindir deses servizos carecía de apoio, tanto legal como contractual. B) A decisión resolutoria adoptada unilateralmente pola Fundación foi anterior ao incumprimento achacado por esta ao Dr. Bastida.

Efectivamente, resulta indubidable, a teor das probanzas existentes nas actuacións, que a demandante prescinde do Médico demandado nos albores da Volta Ciclista a España do ano 2.009 -celebrada do 29 de agosto ao 21 de setembro, con dous días de descanso, as catro primeiras etapas entre Holanda e Bélxica, e as restantes en España-, separación que non foi debida, tal como interesada e inexactamente sostén a demandante, ao remate dos días máximos de traballo pactados, nin a un desacordo sobre este último punto. Abundamos sobre todos estes extremos.

Que a Fundación, actora e reconvida, toma a decisión de prescindir do Dr. demandado e reconvinte a finais de agosto de 2.009 se colixe: A) Xa inicialmente do feito admitido pola reconvida no seu escrito de contestación á demanda reconvenicional (feito terceiro, letra e), no que, relatándose a reunión celebrada entre o Dr. Bastida e a Fundación -máis concretamente con Pedro Alfaro- entre os días 17 e 19 de xullo dese ano, se di que, dado que "a relación daquel primeiro con membros do equipo estaba moi deteriorada", "se lle dixo que a mellor solución sería que se desligase do equipo... e o Dr. Bastida lle manifestou que só daría ese paso se se lle pagaba o importe das retribucións...". B) Dos correos entre a Fundación (concretamente o director deportivo do equipo ciclista, Alvaro Pino), a axencia de viaxes contratada por este, e o Dr. Bastida, referidos ao regreso deste último a Santiago de Compostela, mentres que a volta ciclista continuaba por terras catalanas e valencianas (folios 123 e 124). C) En fin, do feito inequívoco da contratación dun novo profesional médico, o Dr. Beltrán, por parte da Fundación, varios días despois de iniciada a Volta.

Xa que logo, resolto unilateralmente o contrato pola Fundación varios días antes das declaracións denunciadas como ofensivas para o equipo -e canto efectuadas os días 18 e 19 de

setembro-, que a mesma imputa ao Dr. Bastida, non pode invocar lóxicamente a Fundación esas manifestacións como causa resolutoria dun contrato ao que puxo fin anteriormente, a cuxa cláusula décimo segunda carecería entón de aplicación.

Finalmente, o alegato da Fundación, como causa resolutoria aplicable ao demandado reconvinte, de que este negácese continuar cos seus servizos na Volta Ciclista a España, por mor de ter agotado todos os días de traballo pactados, non aparece en absoluto probado, e se contradí, non só coa presenza do Dr. Bastida nas primeiras etapas da Volta por terras holandesas, senón tamén, e moi especialmente cos correos electrónicos entrecruzados entre o Dr. Bastida e a Fundación, nos que aquel manifesta a esta que a cuestión dos días é puramente secundaria e a solucionar posteriormente, sendo o importante -se engade- a planificación da viaxe para acodir á Volta Ciclista a España, nunha elocuente manifestación do Dr. Bastida, expresiva da irrelevancia daquel primeiro asunto.

Terceiro: Adoptada entón pola Fundación a decisión de resolver a relación contractual co Dr. Bastida a finais de agosto de 2009, tal como deixamos sentado, debemos agora proceder a examinar se por parte do demandado reconvinte houbo algún incumprimento contractual, e máis concretamente, o incumprimento que a sentenza lle imputa, das opinións verquidas ante os medios de comunicación, radiofónicos e de prensa escrita, en descrédito da Fundación ou dalgún dos seus membros, pois de ser así, a decisión resolutoria da Fundación estaría xustificada por ese incumprimento contractual - que debía ser previo- da contraparte.

A cuestión faise merecente dunha resposta negativa, xa que: A) As declaracións do Dr. Bastida realizáronse posteriormente -insistimos- á decisión resolutoria adoptada pola Fundación, ou se se prefire, houbo un incumprimento antecedente desta última, que resulta ser o xuridicamente relevante. Así sucedeu coas manifestacións dos días 18 e 19 de setembro de 2009, e non digamos coas moi postreiras, do mes de abril do ano seguinte. B) Resolto o contrato pola Fundación, deixaba conseguintemente de ter vixencia a cláusula décimo segunda do contrato, que dispuña o silencio -por decilo dese xeito- do Dr. Bastida. C) "O prestixio do equipo ciclista se atopaba afectado non polas declaracións do Dr. Bastida senón polos feitos ocorridos durante a Volta a España...", tal como atinadamente proclama a sentenza apelada, nun pronunciamento que non se impugna pola Fundación, e que, en último termo, aparece acreditado polas probas que obran na causa.

A xeito de recapitulación. A) A Fundación, a finais de agosto de 2009 prescinde dos servizos do Dr. Bastida sen causa

xustificada pois nin nesas datas aínda se dera obviamente o incumprimento -da cláusula décimo segunda- polo médico, nin era xa alegable tal cláusula en canto que a Fundación xa puxera fin ao contrato. B) O descrédito e desprestixio da Fundación traía a súa orixe "nos feitos ocorridos na Volta a España", e consistentes -por resumilo moito- na contratación por parte da Fundación para esa carreira, a partir da quinta etapa, e previo cesamento do Dr. Bastida, do Dr. Beltrán, implicado este último en casos de dopaxe de tres corredores do equipo ciclista Liberty na inmedita Volta a Portugal, o que provocou o cesamento deste doctor e a apertura dunha investigación ao conxunto Xacobeo Galicia por parte da Unión Ciclista Internacional, feitos que xa apareceron nos medios de comunicación dos días 18, 19 -e seguintes- do mes de setembro de 2009, de xeito xeralizado e partindo evidentemente de fontes alleas ao Dr. Bastida (por exemplo, o día 18 no Mundo e no Confidencial- neste último hai declaración naquel sentido do propio Director da Volta- e en Europa Presss, aos folios 138, 139 e 141, respectivamente; e o día 19 na Voz de Galicia -declaracións do corredor David Blanco-, no País -información da Unión Ciclista Internacional- e mesmo no diario Faro de Vigo -declaracións do propio Alvaro Pino-, aos folios 38, 39 e 41).

Cuarto: Rexeitados, por improbados, os incumprimentos achacados ao Dr. Bastida, e estimados, pola contra, os incumprimentos da Fundación, restan por decidir dúas últimas cuestións, unha primeira, se procede unha indemnización por dano moral, e a segunda, o alcance da indemnización de danos e perdas -materiais- a prol do primeiro, por mor da resolución contractual que se decreta.

Comezando polo análese desta segunda cuestión, a mesma debemos resolvela nos termos propugnados polo demandado reconvinte, dado que o sentido da nosa decisión é o de dar por demostrado -única e exclusivamente- o incumprimento da actora reconvida, non observándose, pola contra, incumprimento ningún naquel primeiro, quen, derradeiramente, nunca aceptou a decisión resolutoria da Fundación -agás que se lle pagasen todos os seus honorarios profesionais, tal como admite a propia Fundación-. A obrigada aplicación dos termos, claros e inequívocos, do contrato, conleva inexcusablemente que a Fundación debe pagar ao Dr. Bastida a parte do prezo aínda non satisfeito, é dicir, os 214.999,93 euros reclamados.

Quinto: Interesa o demandado reconvinte no suplico da súa demanda a suma de 64.499,99 euros "en concepto de danos e perdas, incluído o dano moral, polo incumprimento do contrato por parte da Entidade actora-reconvida, pola destitución inxustificada, e pola repercusión que para o prestixio profesional do meu mandante supuxo". Pedimento que non pode

ser aceptado por impreciso, redundante e improbado. En efecto, sen necesidade de máis amplos e complexos comentarios de orde xurídica, e partindo de que non de todo incumprimento se derivan necesariamente danos, o único menoscabo que resulta demostrado polo Dr. Bastida é a perda das rendas pactadas como contraprestación aos seus servizos profesionais, e ese prexuízo se resarce condenando, precisamente, á Fundación a pagar esas rendas.

Sexto: A estimación parcial do recurso de apelación e da demanda formulados polo Dr. Bastida conleva non facermos unha especial declaración sobre as custas procesuais de ningunha das dúas instancias, derivadas da apelación e da demanda reconvencional. O rexeitamento da demanda inicial conduce a impor as custas procesuais da primeira instancia, orixinadas por esa demanda, á demandante.

Por todo o exposto, e pola autoridade que a este Tribunal lle outorgan a Constitución e o pobo español,

DECIDIMOS

En primeiro termo, que rexeitamos a demanda inicial formulada pola actora FUNDACIÓN CICLISMO GALLEGO representada pola Procuradora Sra. Marquina Tesouro contra o demandado D. JUAN MANUEL RODRÍGUEZ BASTIDA representado polo Procurador Sr. Castells López, con expresa imposición das custas procesuais da primeira instancia, derivadas desa demanda, a referida demandante.

E, en segundo lugar, que con acollida parcial do recurso de apelación e da demanda reconvencional promovidos por D. JUAN MANUEL RODRÍGUEZ BASTIDA representado polo procurador Sr. Castells López, condenamos á demandante reconvida a que satisfaga ao demandado reconvinte a suma de 214.999,98 euros, cos xuros legais dende a data da interpelación xudicial da reconvida ata a data da sentenza de primeira instancia, que serán os legais incrementados en dous puntos dende esa última data ata a do completo pagamento. Impoñemos á actora inicial as custas procesuais da primeira instancia, derivadas da súa demanda, e non facemos unha especial pronuncia sobre as custas de ningunha das dúas instancias, orixinadas pola demanda reconvencional mailo recurso de apelación.

Esta é a nosa sentenza, que asinamos, e que se redacta en galego consonte o establecido no art. 3.2 e 3 da Constitución

española; no art. 5.1, 2 e 3 do Estatuto de autonomía para Galicia, aprobado pola Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril; e nos arts. 1, 2, 6.3, e 7.2 e 3 da Lei 3/1983, do 15 de xuño, da Comunidade Autónoma de Galicia, de normalización lingüística.

Notifíqueseles ás partes a presente resolución.

MODO DE IMPUGNACIÓN: Contra a presente sentenza cabe interpoñer recurso de casación por tratarse dun proceso que presenta interese casacional, sobre a base do establecido no art.º 477 da LEC, debendo interpoñer dentro dos vinte días seguintes á súa notificación na forma establecida no art.º 479 da LEC. Asímesmo cabe interponer recurso extraordinario por Infracción Procesual sobre a base do establecido no art.º 468 da LAC, debendo interponer dentro dos vinte días seguintes a súa notificación na forma establecido no artº 479 da LAC.

Devólvenselle os autos orixinais ó xulgado do que proceden, cun testemuño desta sentenza para o seu coñecemento e cumprimento.

NOTA INFORMATIVA: Conforme á D.A. Décimo quinta da L.O.P.J., para a admisión do recurso deberase acreditar ter constituído, na conta de depósitos e consignacións deste órgano, un depósito de 50 euros, salvo que o recorrente sexa: beneficiario de xustiza gratuíta, o Ministerio Fiscal, o Estado, Comunidade Autónoma, entidade local ou organismo autónomo dependente.

O depósito deberá constituílo ingresando a citada cantidade no BANESTO, na conta deste expediente 0915000012339311.